



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xestión Medioambiental, da Seguridade e Saúde Laboral e da Responsabilidade Social Corporativa. Sistemas Integrados de Xestión de Calidade

Materia	Xestión Medioambiental, da Seguridade e Saúde Laboral e da Responsabilidade Social Corporativa. Sistemas Integrados de Xestión de Calidade			
Código	004M006V01204			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descritores	Creditos ECTS 3	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Fernández González, Arturo José			
Profesorado	Fernández González, Arturo José Nogueira Cayetano, Carmen Sánchez Sánchez, Ignacio Sánchez Táboas, Jorge Horacio			
Correo-e	ajfdez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descripción xeral	Nun Máster sobre Creación, Dirección e Innovación na Empresa, necesariamente debe darse un protagonismo relevante a contidos específicos sobre xestión medioambiental, da seguridade e saúde laboral, e da responsabilidade social corporativa, porque: - Por un lado, innovar sen ter en conta os impactos ambientais, na seguridade e saúde dos traballadores, e na sociedade, conduce, por regra, a un resultado moi efémero. Pode non ser máis do que producir algo de novo, que o mercado, rapidamente, vai rexeitar. - Por outro lado, os sistemas de xestión baseados en normas internacionais nestes eidos (como a familia de normas ISO 14000, de xestión ambiental, a OHSAS 18000, de seguridade e saúde no traballo, ou a SGE 21 ou a SA 8000, de RSC) comportan, en si mesmos, varias compoñentes e metodoloxías, que permiten que o coñecemento xerado no proceso de innovación, se vaia potenciando no ciclo virtuoso do tipo PDCA : Plan; Do; Check; Act, base da mellora continua e destes sistemas. Por este motivo, o coñecemento básico destas normas amplamente coñecidas e implantadas no ámbito empresarial é necesario nun Máster deste nivel. - Finalmente, a integración dos sistemas de xestión é un requisito nos tempos que corren. Actualmente, tras os varios anos dedicados á Calidade Total e á Reinxenaría, o mundo empresarial presenta unha nova e forte tendencia: a utilización dos Sistemas Integrados de Xestión. O desenvolvemento da tecnoloxía da información trouxo oportunidades para as empresas se reestruturaren, alén de tornar posíbel a crecente integración de sistemas estruturados para atender aos procesos de negocio e soportar o fluxo de información asociado. Neste escenario, emerxen as filosofías de xestión que procuran integrar informacións provenientes das máis diversas áreas da empresa, como financeira, producción, materiais, vendas, calidade, innovación, xestión medioambiental, responsabilidade social, etc.			

Competencias

Código

A1	Posuér e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudiantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A4	Que os estudiantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudiantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de organización e planificación
B2	Capacidade para deseñar e pór en práctica os plans globais da empresa, tanto estratégicos como operativos
B4	Capacidade para a toma de decisións
B15	Competencias para deseñar e implantar modelos e sistemas de xestión da calidade a distintos ámbitos e dimensións das empresas
C2	Capacidade para identificar, valorar e xestionar as capacidades e o coñecemento organizacional
D1	Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares
D6	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Tomar conciencia do impacto que o desenvolvemento da actividade empresarial ten na contaminación do medio ambiente. Diferenciar as obligacións das empresas en materia de prevención da contaminación, fronte á voluntariedade dos sistemas de xestión ambiental baseados nas normas.	A1 A2 A4 A5 B4 C2
Lembrar a lexislación vixente de aplicación en materia de xestión ambiental e xestión da seguridade e saúde laboral.	A1 A2 A4 A5 B1 B2 B4 B15 D1 D6
Valorar as vantaxes derivadas da xestión ambiental no desempeño da actividade empresarial e no desenvolvemento sustentable. Coñecer os referenciais sobre sistemas de xestión ambiental: ISO 14000 e A2 Regulamento EMAS.	A1 A2 A4 A5 B1 B2 B4 B15 C2 D1 D6
Adquirir unha perspectiva xeral acerca da xestión dos riscos laborais. Valorar as vantaxes derivadas da xestión da seguridade e saúde no traballo no desempeño da actividade empresarial. Coñecer os referenciais sobre sistemas de xestión da seguridade e saúde laboral: OHSAS 18000.	A1 A2 A4 A5 B1 B2 B4 B15 C2 D1 D6

Explicar as vantaxes da integración de sistemas de xestión, con especial atención á integración dos sistemas de xestión da calidade, medioambiente e seguridade e saúde laboral.	A1
	A2
	A4
	A5
	B1
	B2
	B4
	B15
	C2
	D1
	D6

Contidos

Tema

A xestión dos residuos.

Introdución á xestión medioambiental. Lexislación medioambiental.

A normativa ISO 14000. Implantación e certificación dun sistema de xestión medioambiental (SXMA) segundo ISO 14000.

O Regulamento EMAS. Comparación ISO 14000-EMAS.

Introdución á xestión da seguridade e saúde laboral. Lexislación de prevención de riscos laborais.

A xestión da seguridade e saúde laboral na empresa.

A normativa OHSAS 18001 de seguridade e saúde laboral.

Sistemas integrados de xestión.

A xestión da Responsabilidade Social Corporativa (RSC).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	10	10	20
Estudo de casos/análises de situacóns	3	3	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	2	4
Probas de tipo test	1	8	9
Informes/memorias de prácticas	0	36	36

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiantado.
Estudo de casos/análises de situacóns	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as soluciones adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rotinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información disponible e a interpretación dos resultados. Complemento da lección maxistral.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada é unha actividade académica que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado, en pequeno grupo, relacionadas co traballo en grupo e temas vinculados coa materia
Sesión maxistral	A atención personalizada é unha actividade académica que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado, en pequeno grupo, relacionadas co traballo en grupo e temas vinculados coa materia

Estudo de casos/análises de situacóns	A atención personalizada é unha actividade académica que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado, en pequeno grupo, relacionadas co traballo en grupo e temas vinculados coa materia
---------------------------------------	---

Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Probas de tipo test	Probas para avaliação das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellar elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Necesario obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 nesta proba.	20	A1 B4 C2 A5 B15
Informes/memorias de prácticas	Elaboración dun documento por parte do alumno (individual ou en grupo) no que se reflicten as características do traballo levado a cabo. Os alumnos deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados obtidos ou observacións realizadas, así como a análise e tratamiento de datos, no seu caso. Para determinadas sesións esíxese asistencia. No caso de non asistir, o alumno deberá elaborar un traballo individual relacionado coa sesión á que non asistiu, seguindo as instruccións do profesor, e presentar un documento correspondente ao mesmo.	80	A1 B1 C2 D1 A2 B2 D6 A4 B4 A5 B15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ademáis do conxunto de criterios de avaliação enriba exposto, para superar a materia por avaliação continua esíxese asistencia a determinadas clases da materia. A inasistencia a ditas clases poderase compensar elaborando os traballos que o profesor encomende a tal efecto ao alumno/a.

Exame de segunda convocatoria:

Realizarase un exame no mes de xullo para aqueles alumnos ealumnasque non superasen a materia polo sistema de avaliação continua (debido a non ter superado a materia a través do conxunto demétodos exposto anteriormente). Neste caso, a cualificación obtida noexame constituirá o100% da nota.

Observacións:

Calquera evidencia de traballos plaxiados ou copiadossuporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

As datas e horarios das probas de avaliação das diferentesconvocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliaçãoaprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2015-2016. Nonobstante, o calendario pode ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Consultade a páxina web doMáster por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre asdatas dos exames, prevalecerán as sinaladas na mencionada páxina web (<http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/docencia-menu-gl/horarios-e-guia-novo-alumnado>).

Bibliografía. Fontes de información

SEÓANEZ CALVO, M. y ANGULO AGUADO, I., **Manual de Gestión Medioambiental de la Empresa: Sistemas de Gestión Medioambiental, Auditorías Medioambientales, Evaluaciones de Impacto Ambiental**, 1999,

RUBIO ROMERO, J.C., **Gestión de la Prevención de Riesgos Laborales: OHSAS 18001, Directrices OIT y Otros Modelos**, 2002,

Cuadernos IMPIVA, **Aspectos medioambientales. Identificación y evaluación**, 2002,

IHOBE, **Indicadores Medioambientales para la Empresa**, 1999,

ROBERTS, H.; ROBINSON, G., **ISO 14001. EMS. Manual de Sistema de Gestión Medioambiental**, 1999,

VAQUERO PUERTA, J.L.; CEÑA CALLEJO, R., **Prevención de Riesgos Laborales: Seguridad, Higiene y Ergonomía**, 2000,

WOODSIDE, G.; AURRICHIO, P., **Auditoría de Sistemas de Gestión Medioambiental: Introducción a la Norma ISO 14001**, 2001,

DE LA CUESTA GONZÁLEZ, M.; RODRÍGUEZ DUPLÁ, L. (Coords.), **Responsabilidad Social Corporativa**, 2004,

www.iso.ch,

www.aenor.es,

www.ict.es,

www.marm.es,

www.cmati.xunta.es,

www.sirga.medioambiente.xunta.es,

www.ecoembes.com,

www.ambientum.com,

ISO, **UNE-EN ISO 14001:2004**, AENOR,

OHSAS Project Group, **OHSAS 18001:2008**, AENOR,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Implantación de Sistemas de Xestión da Calidade: Modelos e Técnicas/O04M006V01205